

Querida mamá:

Van facer dous anos desde que comezou esto. Dous anos duros, interminables e nos que os únicos sentimentos que temos todos é a incertidumbre e terror. Dous anos sen ver a ningún de vos, sen poder verche nin sentirche.

Nunca pensei que esto fora a ser tan difícil. Cada día é peor que o anterior e a situación non ten pinta de que vaia mellorar de momento.

Ao principio ver un novo día resultaba reconfortante. Podías levantarte pensando en positivo, levantarte co pensamento de que non iba a ser un día tan duro, e que as cousas iban ir mellorando, que esto solo estaba sendo un mal sono. Pero xa non. Todas esas esperanzas, cada día que pasa son máis lonxanas. Xa ninguén é capaz de pensar nun futuro porque ninguén sabe si imos ser quen de chegar a ese mañan.

Dende fai unhas semanas, ou quizais un mes, destinaronme a unha das trincheiras. Aquí todo o mundo está sufrindo. Levo, se mal non recordo, cinco días sen poder asearme. Aquí a hixiene é algo de luxo e os luxo non é algo que abunde principalmente dentro destes lugares. Temos que realizar repartos para os aseos, xa que están racionados e isto está perxudicando aínda máis a nosa saúde e moral.

Vivimos constantemente preocupados e alerta por si se produce algún tipo de ataque e moitos dos meus compañeiros e amigos están caendo. Ninguén ven a recoller eses corpos. Entre cadáveres. Cadáveres de persoas que estiveron na mesma situación ca min durante todos estes anos, e teño moito medo de ser eu o seguinte.

Dende fai uns días está comenzando a producirse un aumento de ratas e piollos dentro deste lugar e a min estame costando habituarme a este tipo de plagas.

As ratas aproveitan os restos dos cadáveres para alimentarse e están traendo con elas abundantes enfermidades.

Dúas vías diferentes de ataques: os dos enemigos e as imparables enfermidades que están propagándose polo lugar.

Escribo isto sentado nun terreo que, neste momento está medianamente seco.

Esta situación é excepcional. Aquí case sempre é todo lama e barro. Un terreo desagradable e sucio ao que me estou chegando hasta a acostumar. Tampouco é que exista outra opción.

A nosa vida baséase en realizar turnos de vixilancia e ataques, polo día e máis aínda pola noite. A oscuridade é moi boa compañeira dos ataques e nos máis vulnerables aínda.

Como moi pouco. Extraño moito a boa vida que levaba antes de que esta pesadilla comezase. Que pouco valoramos as cousas ata que nolas quitan.

Sinto rabia, impotencia e rechazo hacia todo o que me están obrigando a realizar. Hacia as armas que nunca collera e que agora parecen formar parte xa do meu corpo. Non quero ter que quitarlle a vida a ninguén máis. Eu non fun feito para matar e tampouco para estar vivindo nestas condicións. Non lle desexo esto nin ao meu maior enemigo.

Espero poder aguantar un pouco máis, tanto física como moralmente.

Ahora deixoche, que me toca realizar unha das moitas guardias diarias. A vida dentro das trincheiras de momento non para, pero parará e eu volverei a casa. Sairei desta mamá. Volveremos a vernos, prométocho.